

PARA TODOS LOS PÚBLICOS

Montse García / montse.garcia@lavoz.es

Fotohistorias Dende os anos 70 está no Paseo das Palmeiras da Alameda

A fonte «móbil» de mármore branco

QUIQUE ALVARELLOS

É unha das fontes máis singulares e atractivas da cidade. Hoxe atopámola ao inicio do Paseo das Palmeiras, na Alameda, un tanto desleixada e esquecida, á sombra dun enorme cedro. Ten case 150 anos de vida. É a fermosa — e poética — fonte de mármore branco que, antes de chegar aquí, embebeceu outros lugares da cidade. Unha fonte «móbil», como moitas outras de Compostela. Como testemuña, a imaxe que recellemos na nosa crónica gráfica de hoxe (cedida para nós por Antonio Cancela).

A fotografía pertence, como vemos pola numeración, a unha serie de postais, a un fotohistoriador Carlos Castela, gran estudioso da deltioloxía compostelá, identifícanos a data desta serie de tarxetas: 1909; e a empresa comercializadora: La Internacional Expres. Precisamente Carlos, xunto con Fuco Sangiao, teñen estudado amplamente esta marca de postais nun traballo aínda inédito.

Vemos que a postal pon «Praza de Abastos» porque esta foi a instalación primeira do monumento. Temos noticia da fonte en 1872, segundo relata José Antonio Tojo Ramallo no seu libro *Agua y Saneamiento en Santiago de Compostela. Diez siglos de historia* (Aquadgest, 1998). Naqueles días edificábase a pri-



A fonte de mármore branco, nunha postal comercializada en 1909, cando figuraba a carón da antiga praza de abastos.

meira praza de abastos da cidade, unha serie de pavillóns erguidos nos terreos propiedade do Conde de Altamira, moi preto da antiga muralla, á altura da Virxe da Cerca (e preto tamén da igrexa de San

Fiz de Solovio). Como centro estético da praza encargouse a construción desta fonte de mármore branco que foi feita en Barcelona e trasladada a Santiago dende Vilagarcía de Arousa. Elegante, sobria, con

catro medallóns na base e, en dous deles, o escudo de Galicia. Os outros dous, baleiros. Neste lugar permanecerá ata 1932 cando, a proposta dos concelleiros Xosé Pasín e Isolino López, decidiuse o seu traslado e instalación entre o paseo da Alameda e a Ferradura.

En 1937 derrubábase o xa vello mercado e catro anos despois erguíase, no mesmo lugar, o que coñecemos hoxe. A fonte, xa na Alameda, aínda vería mover o seu corpo unha vez máis, como dixemos, ata a súa colocación actual.

É de supor que este mármore branco, branquísimo tralo mofo e a humidade de hoxe, fino e sen vetas, proceda de Carrara, en plena Toscana italiana, o mármore branco máis apreciado do mundo, no que foi esculpido o propio David de Miguel Ángel ou, moito máis preto de nós, a do sorprendente retablo do pazo de San Lourenzo...

O pasado sábado estiven preto desta fonte, e escoitei o seu silencio e tamén, quizais, unha petición: brillar coma nos vellos tempos, e que a xente, coma o home desta fotografía de 1909, quixera de novo sacarse unha foto a carón dela, e que soase a auga, coma no antigo poema medieval: fío de ouro que mana da fontana / fío de ouro que mana.

editor@alvarells.info

Hemeroteca Hoy hace 51 años



El inmueble fue adquirido por 3.000 euros. P. RODRÍGUEZ

Adquieren la Casa de la Troya para un museo

1967 El despacho de la alcaldía de Santiago albergaba hace 51 años el encuentro de la comisión para la adquisición de la Casa de la Troya. Al acto asistieron el regidor, López Carballo, y el delegado provincial de Información y Turismo, que le entregó un cheque de 36.000 pesetas, aportación del Ministerio. A esta cantidad había que unir 361.593 pesetas que había recaudado la comisión, 10.000 pesetas que entregó la Caja de Ahorros de Santiago y 100.000 que aportó el Ayuntamiento. El propósito era crear en el edificio un museo troyano.

Otros actos hoy

MÚSICA
Vocal Sampling
20 horas • Sala Capitol • 15 euros • El grupo cubano de música vocal presentará su trabajo *Así de sampling*. Con sus voces representan diferentes instrumentos.

A ESCENA
Aporía Escénica
18 horas • Salón Teatro • 5

euros • Última función de *Seis cubos negros en corpo branco*.

GASTRONOMÍA
Festa do Picantón
Rarís (Teo) • Los asistentes a la decimoséptima edición de la cita gastronómica podrán degustar picantón, café y queimada por 6 euros. Actuará Metrópolis.

Feria medieval



El tiiovivo de la feria, uno de los atractivos infantiles, funciona a pedales. SANDRA ALONSO

El Medioevo se instala en Sar

El tiiovivo funciona a pedales, la harina sale de un molino de agua, hay jabón con lana de oveja y se escucha el sonido del cincel contra la piedra. Sar se mete de nuevo este fin de semana en el túnel del tiempo para trasladarse al Medioevo y el público comenzó a responder a esa llamada ayer al mediodía entre chaparrón y chaparrón.

Los más jóvenes de la casa eran los más activos. No dudaban en probar sus dotes como herreros o canteros en las demostraciones en vivo ni tampoco a la hora subirse a las atracciones, estas últimas situadas en las proximidades de la colegiata, con el barco medieval como nuevo atractivo. En la oferta culinaria, el cho-

rizo con maíz y las filloas convivían con la pizza o el puesto de pulpo. No era el único reflejo de la simbiosis entre pasado y presente: tatuajes de maquillaje, almohadas cervicales elaboradas de manera artesana... El pasado medieval se adapta a los requerimientos más actuales. Hoy será la jornada grande con actividad de 10 a 22 horas.

Vida social



Promoción 67-68 del Peleteiro. El colegio Peleteiro celebra el sábado 2 de junio los 50 años de la finalización de los estudios de la promoción 1967-68 con varias actividades. Los antiguos alumnos protagonistas de esta imagen que quieren participar y rememorar su paso por las aulas con los compañeros pueden llamar al 981 591 475.

Feira do Libro Antigo e de Ocasión. Librerías de Valencia, Ponferrada, Madrid y Burgos ofrecen desde ayer en el paseo lateral de la Alameda libros de fondo y descatalogados a un precio asequible. El público también puede encontrar carteles, grabados, postales y documentos. FOTO RAFA MIRALLES

